



A cuadrilla "San Salvador Escuadro", de Pontevedra gaña a VI Copa España de Caza de Zorro

O pasado 24 de xaneiro dábanse cita nos Tecores das Sociedades de Cazadores de Farelo, Bertaña, Pena Cuntín, Dozón, Rodeiro, Lalín, Vila de Cruces e Silleda, as cuadrillas participantes na VI Copa España de Caza de Zorro, organizada pola Real Federación Española de Caza e a Federación Galega de Caza en colaboración cas Sociedade de Cazadores dos respectivos Tecores participantes.

Foron 87 as cuadrillas que tomaron parte na proba. Ao remate desta, tres cuadrillas conseguiran capturar 3 raposos, polo que a clasificación decidiuse por sorteo. Así pois foi a cuadrilla "San Salvador de Escuadro", da provincia de Pontevedra, a que resultaba ser a gañadora. Segunda era a cuadrilla "San Cristobal de Lema", da provincia da Coruña, e terceira "A Raposa de Lañas", tamén da provincia de A Coruña.



Pos.	Cuadrilla	Provincia	Capturas
1º	San Salvador de Escuadro	PO	3 raposos
2º	San Cristóbal de Lema	CO	3 raposos
3º	A Raposa de Lañas	CO	3 raposos
4º	Rodeiro 1	PO	2 raposos
5º	Goyás	PO	2 raposos

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com